



UNHA ORGANIZACIÓN

AO TEU SERVIZO



**UNHA ORGANIZACIÓN
AO TEU SERVIZO**



DÁMOSCHE A BENVIDA Á ONCE

É probable que oíses falar da ONCE e que xa saibas que realiza un gran labor social, sustentado na solidariedade de moitos cidadáns que son fieis aos seus produtos de xogo. Pero agora que formas parte desta organización queremos que a través destas páxinas a coñezas mellor e, sobre todo, que descubras que nesta xa histórica institución vas atopar as ferramentas, recursos e profesionais que contribuirán decisivamente a mellorar a túa autonomía, autoestima e benestar.

E o mellor de todo: somos un grupo humano diverso e xeneroso, disposto a compartir contigo momentos e experiencias.

UNHA ORGANIZACIÓN AO TEU SERVIZO

A ONCE creouse uns meses antes de que rematase a Guerra Civil española mediante o Decreto fundacional do 13 de decembro de 1938, día de Santa Lucía, froito do esforzo dun grupo de persoas cegas que loitaron por construír un modelo de vida baseado no seu propio traballo e nas súas capacidades.

A Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) é hoxe unha entidade de dereito público, de carácter social e democrático, sen ánimo de lucro, que ten o propósito fundamental de



mellorar a calidade de vida e a autonomía das persoas cegas e con discapacidade visual, a través dun importante labor de solidariedade, e que contribúe ademais á inclusión social das persoas con outras discapacidades.

Para levar a cabo o seu labor, conta co apoio da Administración pública, mediante o Consello do Protectorado, do que forman parte diversos ministerios.

Está integrada por máis de 72.000 persoas afiliadas que, coma ti, poden ter ou non resto visual, ás que se lles prestan servizos especializados na atención da discapacidade visual, para que gocen dos mesmos dereitos e oportunidades ca os demais cidadáns.





Unha organización democrática

Desde 1982 a ONCE funciona cunha estrutura democrática. Cada catro anos todas as persoas afiliadas podemos elixir nas urnas aos nosos representantes entre as persoas afiliadas maiores de idade.

As persoas afiliadas elixidas nas urnas conforman entón os 17 consellos territoriais e o Consello Xeral, máximo órgano de goberno da institución.

Unha organización social

Grazas ao apoio, solidariedade e lealdade da sociedade española, que desde hai case 80 anos colabora coa ONCE adquirindo os nosos produtos de xogo, esta organización presta servizos especializados para persoas con discapacidade visual nos seus centros territoriais das diferentes comunidades autónomas, e proporciona emprego a máis de 37.000 persoas con discapacidade.

Unha organización solidaria

A ONCE, a través da súa fundación, doa o 3 % dos ingresos brutos que obtén a través da venda dos seus produtos de xogo a entidades que desenvolven proxectos destinados a persoas con outras discapacidades diferentes á visual (física, intelectual, auditiva, orgánica, etc.).

Con estes ingresos, a Fundación ONCE traballa pola inclusión laboral e a formación das persoas con discapacidade, así como pola accesibilidade global da nosa contorna, favorecendo a relativa a produtos, bens e servizos.

É importante falar do grupo empresarial social da ONCE e da súa fundación, denominado ILUNION, cuxas empresas son rendibles económica e socialmente, e son o






referente en actividades tan variadas como lavanderías industriais, hoteis, seguros, limpeza, seguridade, residencias de maiores, ortopedia, solucións tecnolóxicas, accesibilidade universal etc.

Unha organización da que formas parte

Como persoa afiliada, tes dereito a solicitar os servizos que presta a nosa organización e dirixirte aos teus representantes no consello territorial do centro da ONCE ao que pertences, como garantes dos teus dereitos.

Así mesmo, desexamos contar coa túa participación, proximidade, compromiso, respecto e lealdade cara a esta institución que, dirixida por persoas con cegueira ou discapacidade visual grave, é un modelo único no mundo e necesita de todas as persoas afiliadas para seguir mellorando e medrando.



OS SERVIZOS SOCIAIS DA ONCE ESTÁN CONTIGO

A ONCE conta cunha serie de servizos que contribúen a atender as necesidades derivadas da túa perda visual e a fomentar a túa inclusión e participación en todos os aspectos da vida cotiá.

Porque a cegueira ou discapacidade visual poden ocasionar serias limitacións, a ONCE pon á túa disposición servizos sociais especializados para:

- Ofrecerche apoio, asesoramento e consello para a adaptación emocional á túa nova situación.
- Axudarche a obter o máximo partido do teu resto de visión, mediante adestramentos específicos e axudas adaptadas a cada situación, sen esquecer que é recomendable que continúes realizando as revisións co teu oftalmólogo habitual.

- Ensinarche técnicas e estratexias para que poidas desprazarte de forma autónoma e con seguridade na túa contorna habitual (traballo, escola...) e continuar realizando compras, xestións, utilizar o transporte público etc.
- Adestrarte nas destrezas necesarias que che permitan seguir desenvolvendo de forma independente as actividades da vida diaria: uso do teléfono, manexo do diñeiro, arranxo persoal, cociñar...
- Asesorarte e axudarche a conseguir a túa inclusión laboral, como parte importante do teu desenvolvemento persoal e social.
- Facilitarche a adquisición de materiais específicos para a mobilidade, a lectura, o lecer, o deporte...
- Orientarte sobre as adaptacións que poidas necesitar para utilizar o computador, internet, dispositivos móbiles..., preparándote para o seu manexo.





- Ensinarte a ler e escribir en braille e formarte en sistemas alternativos de comunicación, se estes resultan adecuados ás túas necesidades porque presentes unha importante perda auditiva.
- Acompañar os pais na educación e estimulación do seu fillo ou filla afiliado, cando a discapacidade visual sobrevén nos primeiros anos de vida, para favorecer o seu desenvolvemento madurativo en todos os aspectos.
- Proporcionarche, en calidade de préstamo, ferramentas técnicas e materiais adaptados para facilitar o teu acceso á información, así como prestacións económicas, como medida de apoio á inclusión educativa e laboral, que te acheguen a unha formación académica e a un emprego de calidade.
- Adaptar en braille, en relevo ou en audio dixital os materiais que necesites para completar a túa formación, facilitar o teu desempeño laboral e gozar do tempo de lecer.

- Apoiar as túas iniciativas artísticas e culturais, axudándoches a que publiques libros, música ou fotografías, e promover o teu grupo musical ou as túas producións plásticas.
- Facilitarche a práctica do deporte máis adecuado ás túas posibilidades.
- Ofrecerche a posibilidade de que participes e goces nas actividades de carácter social, cultural ou recreativo, organizadas tanto pola ONCE como as que se realicen na túa contorna habitual.





ADEMAIS, DESDE A ONCE:

- Proporcionamos unha mellora na situación económica e social das persoas afiliadas que contan con menos recursos, mediante a concesión de diferentes prestacións nos casos nos que a dita situación non é atendida por axudas públicas.
- Dispoñemos dunha rede de voluntariado á que podes recorrer para facilitar a túa participación en diferentes ámbitos da túa vida, e podes ademais sumarte como voluntario para axudar a outras persoas afiliadas.
- Colaboramos con outras entidades na prevención da cegueira mediante o asesoramento xenético
- Promovemos a cobertura das necesidades dos nosos afiliados mediante o uso dos recursos propios da institución. Tamén os orientamos cara a outros recursos exter-

nos, como cidadáns de pleno dereito que somos, apoiándoos na xestión da súa demanda en situacións de especial dificultade persoal.

En definitiva, poñemos á túa disposición unha serie de recursos especializados e complementarios aos que xa tes como cidadán, que che permitirán abordar con éxito as dificultades diarias derivadas da cegueira ou discapacidade visual; todo iso desde o pleno respecto á túa autonomía persoal: ti decides que podemos facer por ti a través dos múltiples servizos e estratexias de apoio que che ofrecemos. A ONCE é un traxe á medida, á túa propia medida.

A ONCE contactará contigo para informarte das súas actividades e novidades, polo que, no caso de que se produzan cambios nos teus datos de contacto, necesitamos a túa colaboración para a súa actualización.





A túa participación e colaboración son moi importantes para esta organización. A unidade e o esforzo de todos os que formamos parte dela permitirán que avancemos cara a novos logros sociais. Por iso, animámoste a participar activamente, xa que a ONCE formámola todas e cada unha das persoas afiliadas.

E dámosche a benvida.

Para coñecer máis, podes consultar:

- **centro** da ONCE máis próximo
 - **consello territorial** do teu ámbito
 - ClubONCE: **club.once.es**
 - páxina web da ONCE: **www.once.es**
- A **Oficina de Información** da ONCE
Tfno.: 91 577 37 56
Enderezo electrónico: **soi@once.es**



